

Memoria xustificativa do **Máster Universitario en Tradución Multimedia**

Universidade de Vigo

Número total de páxinas: 9 páxinas

1 Xustificación de interese socioeconómico para a Comunidade Autónoma

1.1 Estudo sobre a incidencia e beneficios xerais e económicos derivados da nova ensinanza (xustificación da oportunidade da titulación)

O Máster Universitario en Tradución Multimedia impártese actualmente na Universidade de Vigo e está orientado á aplicación profesional dos coñecementos técnicos adquiridos e cun enfoque eminentemente práctico. Dende a súa implantación no curso 2010-2011, intenta cubrir a demanda social e especializar as persoas tituladas no campo recollido no título, pois dende entón a demanda de profesionais formados no ámbito da tradución multimedia non deixa de aumentar. A sociedade e o mundo empresarial demandan cada vez máis profesionais dos servizos lingüísticos para operar no mercado global. De feito, durante os últimos dez anos, o volume da demanda de servizos de tradución e interpretación duplicouse. Neste crecemento, a tradución multimedia desempeña un papel crucial, xa que a tradución de sitios web, programas informáticos e aplicacións, produtos audiovisuais de entretemento e videoxogos están, en gran medida, detrás deste crecemento. Concretamente, o volume da demanda de servizos de subtítulo, dobraxe e audiodescrición creceu en 2021 máis dun 25% e o sector dos videoxogos, segundo datos desde mesmo ano, está desbancando os medios de comunicación de masas tradicionais como forma de entretemento. Segundo Slator (2023), dentro dos servizos lingüísticos, a tradución multimedia é o sector con maior crecemento, cun volume de negocio actual no mundo de máis de 300 mil millóns de euros e cun crecemento esperado ata 2027 doutros 150 mil millóns de euros. Dentro deste crecemento ocupan tamén un papel esencial as persoas con discapacidade auditiva, visual e cognitiva. Os servizos lingüísticos orientados a garantir o acceso das persoas con estas discapacidades aos produtos multimedia medran tamén a un ritmo sostido, xa que o tecido empresarial comeza a decatarse de que facer accesibles os seus produtos multimedia non é só unha cuestión de responsabilidade social, senón que é unha medida que aumenta os seus beneficios, xa que ao 5% das persoas con discapacidade que poderían acceder a estes produtos se se empregasen estratexias de accesibilidade, hai que engadir un 60% de persoas que prefiren comprar ou consumir produtos de empresas que promoven a igualdade de acceso. O *Bureau of Internet Accessibility* (2019) cifraba en 6 mil millóns de euros as perdas das empresas que non usan estratexias de accesibilidade, polo que actualmente a demanda deste tipo de servizos deixou de ser marxinal e está en aumento. A deslocalización dos servizos de tradución e interpretación é tamén unha das características que marcan a evolución do sector, o que fai que as persoas egresadas da nosa titulación poidan traballar de maneira global dende calquera lugar. Actualmente, o Máster Universitario en Tradución Multimedia impártese en modalidade semipresencial, o que facilita que o curse estudantado dende distintas partes do mundo. Con todo, a parte presencial supón unha preocupación para o estudantado residente noutros lugares do mundo, polo que o cambio á impartición en modalidade estritamente virtual eliminaría unha barreira para a captación de estudantado de diversa procedencia e serviría de formación para o acceso a un mercado onde se traballa, fundamentalmente, de maneira deslocalizada. Xa que logo, as modificacións propostas para o Máster Universitario en Tradución Multimedia da Universidade de Vigo están orientadas a: 1) reorganizar os contidos impartidos para axustalos á súa importancia no mercado actual e ás previsións futuras; 2) situar as necesidades das persoas con discapacidade visual, auditiva e cognitiva ao mesmo nivel dentro da tradución multimedia que as necesidades das persoas sen discapacidade e 3) facilitar o acceso á formación a estudantes de todo o mundo. Deste xeito, os obxectivos e resultados de aprendizaxe do máster mantéñense, dado que a día de hoxe son igual de relevantes, e mesmo máis relevantes, para a formación dos egresados e a consecución dos perfís profesionais marcados nos inicios do máster, que seguen

vixentes, e reorganízanse os contidos para actualizar a formación ofrecida aos futuros profesionais de acordo coas demandas da sociedade.

Na actualidade, existen en España e fóra de España varios programas de posgrao que forman tradutores expertos en textos multimedia e algúns deles tamén teñen varios anos de experiencia. Polas súas características e popularidade entre as persoas egresadas das facultades de tradución e interpretación de toda España, incluída a da Universidade de Vigo, tivéronse en conta para a elaboración da presente memoria os seguintes programas de posgrao:

NACIONAIS

- *Máster Universitario en Traducción Audiovisual* da Universidade Autónoma de Barcelona (<https://www.uab.cat/web/estudiar/la-oferta-de-masteres-oficiales/informacion-general/-1096480309770.html?param1=1345695508608>). Este máster impártese en modalidade presencial e en liña. Inclúe entre os seus contidos teoría da TAV, dobraxe, subtítulado, voces superpostas, audiodescrición, localización de videoxogos, subtítulado para persoas xordas e subtítulación por recoñecemento de fala.
- *Máster en Traducción Audiovisual, Localización, Subtitulación y Doblaje* da Universidade de Cádiz (<https://www.mastraduvisual.com/es/index.php>). Este máster ten modalidade presencial e en liña. Os seus contidos inclúen: subtítulado, dobraxe, corrección idiomática en TAV, subtítulado para persoas xordas, audiodescrición e localización.
- *Máster de Traducción Audiovisual y Localización (TRAVLOC)* (<https://www.ucm.es/estudios/master-traducaudiovisual>) da Universidade Complutense de Madrid, en colaboración coa Universidad Autónoma de Madrid. É presencial e ten contidos obrigatorios de bases e métodos da TAV, localización, automatización da tradución, tradución automática e posesión, xestión de proxectos de tradución, empresa e profesionais, servizos de valor engadido, xestión terminolóxica e de corpus, dobraxe, voces superpostas, subtítulado, accesibilidade, localización de videoxogos, sitios e contido web, software e apps.
- *Máster en Doblaje, Traducción y Subtitulación* da Universidad Europea de Madrid (<https://universidadeuropea.com/master-doblaje-traduccion-subtitulacion-madrid/>). Este máster é presencial e ten módulos de tecnoloxías aplicadas á dobraxe e á subtítulación, tradución audiovisual, dobraxe e locución e xestión e produción multinacional.
- *Máster de Formación Permanente de Traducción Audiovisual* da Universidad Europea de Valencia (<https://universidadeuropea.com/master-traduccion-audiovisual-valencia/>). Este máster é presencial e ten contidos de introdución ao mundo audiovisual, narrativa cinematográfica, corrección lingüística en TAV, tradución para dobraxe, subtítulado, subtítulado para persoas xordas, audiodescrición e localización de videoxogos.

INTERNACIONAIS

- *MA in Audiovisual Translation* en Roehampton University (Londres) (<https://www.roehampton.ac.uk/postgraduate-courses/audiovisual-translation/>) ten contidos de teoría da tradución, subtítulado interlingüístico, dobraxe, voces superpostas, localización de videoxogos, subtítulado para persoas xordas, audiodescrición para persoas cegas, ferramentas de tradución e localización.
- *MA Audiovisual Translation and Localisation* na Universidade de Leeds (<https://courses.leeds.ac.uk/j548/audiovisual-translation-and-localisation-ma#content>). Este máster é presencial e ten contidos de tradución audiovisual, localización, accesibilidade, xestión de proxectos.
- *MA in Audiovisual Translation* da Hamad Bin Khalifa University (<https://www.hbku.edu.qa/en/chss/ma-audiovisual-translation>). Este máster é presencial e ten contidos de subtítulado, dobraxe, locución e tecnoloxías, entre outros.
- *Msc Translation and Technology (audiovisual)* da UCL (<https://www.ucl.ac.uk/prospective-students/graduate/taught-degrees/translation-and-technology-audiovisual-msc>). Este máster é presencial e ten contidos de subtítulado, subtítulado para persoas xordas, audiodescrición, voces superpostas, dobraxe, tecnoloxías da tradución, localización, tradución técnica, científica e médica.

1.2 Carácter esencial ou estratéxico: resposta a necesidades prácticas e científicas do SUG

A finais do século XX, a tradución multimedia e os estudos relacionados con este ámbito experimentan un desenvolvemento sen precedentes, cun auxe das distintas modalidades (dobraxa, subtítulado, tradución de sitios web, programas informáticos e videoxogos), que é paralelo ao desenvolvemento das comunicacións a través das canles auditiva e visual. No momento actual, ese crecemento non se detén, senón que aínda se incrementa a nivel mundial, especialmente no sector da tradución e a localización multimedia, e especialmente nas principais linguas do mundo, entre as que se encontran o inglés e o español, polo que o Máster Universitario en Tradución Multimedia segue a ser esencial na formación de profesionais cualificados neste ámbito, cuxa demanda aumenta.

Desde os estudos pioneiros de Fodor (1976) coa súa descrición do concepto de sincronía ou Delabastita (1989), que explorou as relacións entre culturas a través dos produtos fílmicos e televisivos, pasando por investigacións como as de Díaz Cintas e Remael (1997, 2001, 2003, 2007), Chaume (2003, 2004), Gambier (1994, 1996, 1998, 2001), Gottlieb (1994, 2000), Agost (1999), Ballester (1999), Fontes Luque (2000), Iglesias (2009), Izard (1999) Orero (2001), Pereira e Lorenzo (2000, 2001, 2005, 2007), Zabalbeascoa (1993), etc., na actualidade, estamos asistindo ao que Chaume (2019) denomina un «turning point». Como resultado da globalización e dixitalización, o consumo e uso de produtos audiovisuais é moito maior que en décadas anteriores. Os mercados audiovisuais que xeran estes contidos cada vez teñen máis en conta a súa tradución, á que se refiren como localización, internacionalización, glocalización. A industria audiovisual está nun cambio constante e aparecen novas formas, produtos e modos de enfrontarse á tradución audiovisual: crowdsourcing, community translation, o uso de tradución automática, a posedición, medios inmersivos emerxentes (vídeos 360º, realidade virtual),

subtitulado/audiodescripción creativa... todo iso ten un impacto na investigación e, sen lugar a dúbidas, no ensino, polo que é imprescindible incluílo nos programas de formación das futuras promocións de profesionais da tradución multimedia.

Polo que respecta á accesibilidade aos textos audiovisuais nas súas modalidades principais, o subtitulado para persoas xordas (SpX), a audiodescripción (AD) e, máis recentemente, a lectura fácil (LF) aplicada ao subtitulado, o seu estudo despega no ámbito dos Estudos de Tradución nos primeiros anos do século XXI e, na segunda década do século XXI, consolídase como campo de investigación.

En canto á formación nestas disciplinas, non abunda nos programas de máster en España, malia a súa demanda cada vez máis crecente. Destacan en SpS e AD a Universitat Autònoma de Barcelona (con módulos de SpS e AD que se inician 2004-2005 no Máster de Tradución audiovisual) e o Instituto Superior de Estudos Lingüísticos e Tradución (ISTRAD) de Cádiz no Máster en Tradución Audiovisual. Porén, ningunha destas dúas institucións oferta, neste momento, contidos en LF aplicada á accesibilidade audiovisual. A formación en LF ten moita menos tradición en España e parte practicamente toda ela das asociacións. Os referentes son Plena Inclusión e a Asociación de Lectura Fácil, que realiza con frecuencia en diferentes puntos do país cursos sobre accesibilidade cognitiva, elaboración de textos en LF e cursos destinados a validadores (persoas con discapacidade intelectual).

No nivel de ensino superior, organizáronse algúns cursos e sesións formativas menores (Universidade de Granada, 2018: Curso Formación en Lectura Fácil como estrategia educativa en la Universidad; Universidad de Valladolid, 2020: XIII Talleres de Lenguaje y Comunicación. Lectura Fácil: Herramienta de comprensión; Universidad de Murcia, 2020: curso Ocio y discapacidad: un camino hacia la inclusión. Accesibilidad cognitiva: espacios comprensibles); porén, a inclusión da LF en guías docentes de títulos de máster das universidades españolas é, sen dúbida, anecdótica. O Máster Universitario en Tradución Multimedia da UVigo sería pioneiro en incluír estes contidos cada vez máis necesarios para o que o acceso aos medios audiovisuais sexa para todas as persoas, independentemente das súas capacidades. Deste xeito, a Universidade de Vigo contribuiría ao desenvolvemento da Axenda 2030 formando egresados comprometidos cunha sociedade diversa e heteroxénea. A inclusión destes contidos de maneira específica no Máster Universitario en Tradución Multimedia da Universidade de Vigo está orientada a xerar un impacto positivo na transformación de sociedades inclusivas e equitativas desde todos os perfís profesionais asociados ao máster.

1.3 Equilibrio territorial do SUG: xustificación do campus elixido para a implantación da ensinanza en relación coa súa especialidade

A titulación está implantada dentro das ensinanzas ofertadas pola Facultade de Filoloxía e Tradución do Campus de Vigo e non existe en Galicia outra titulación con esta especialidade. A titulación leva impartíndose neste campus 13 cursos (dende 2010) e, á vista das modificacións incorporadas, orientadas a mellorar a formación dos egresados en accesibilidade e inclusión, consideramos que debe seguir a impartirse neste campus, onde contamos con numerosos grupos de investigación e docentes especializados en tradución multimedia, tradución accesible e especialistas en lingua de sinais española e nas distintas modalidades de tradución e interpretación de lingua de sinais española. Xa que logo, o campus está dotado dos recursos precisos para o desenvolvemento das ensinanzas e de proxectos audiovisuais nas modalidades incluídas no título.

2 Mercado laboral

2.1 Estudo das necesidades do mercado laboral en relación coa titulación proposta

O mercado dos servizos lingüísticos aumenta de maneira sostida dende o ano 2009, en que se deseñou a memoria actual do Máster Universitario en Tradución Multimedia. A taxa de crecemento do sector no mundo dende o ano 2010, en que se implantou por primeira vez o título, ata o ano 2022, foi do 4,64% e prevese que siga crecendo de aquí a 2026 a un ritmo superior ao 5,6%. Segundo a investigación realizada pola consultora CSA Research, entre as áreas nas que os profesionais ven as maiores oportunidades están o entretemento, os videoxogos, as aplicacións móbiles, as webs comerciais e a tradución audiovisual. Tal como indicabamos no punto 1 desta memoria, concretamente o volume da demanda de servizos de subtítulado, dobraxe e audiodescrición creceu en 2021 máis dun 25% e o sector dos videoxogos, segundo datos desde mesmo ano, están desbancando os medios de comunicación de masas tradicionais como forma de entretemento. Segundo Slator (2023), dentro dos servizos lingüísticos, a tradución multimedia é o sector con maior crecemento, cun volume de negocio actual no mundo de máis de 300 mil millóns de euros e cun crecemento esperado ata 2027 doutros 150 mil millóns de euros. Por outra banda, as empresas con que colabora a través das prácticas o noso mestrado demandan de maneira cada vez máis clara un perfil profesional de persoa tradutora que poida facer accesibles os contidos multimedia ás persoas con discapacidades auditivas e visuais, algo que está en consonancia coas tendencias rexistradas a nivel mundial. Como se dixo anteriormente, O *Bureau of Internet Accessibility* (2019) cifraba en 6 mil millóns de euros as perdas das empresas que non usaban estratexias de accesibilidade, polo que actualmente a demanda de servizos de accesibilidade deixou de ser marxinal e está en aumento. Os servizos lingüísticos orientados a garantir o acceso das persoas con estas discapacidades aos produtos multimedia medran tamén a un ritmo sostido, con un tecido empresarial que comeza a decatarse de que facer accesibles os seus produtos multimedia non só é unha cuestión de responsabilidade social, senón que aumenta os seus beneficios, xa que ao 5% das persoas con discapacidade que poderían acceder a estes produtos se empregasen estratexias de accesibilidade se engade un 60% de persoas que prefiren comprar ou consumir produtos de empresas

que promoven a igualdade de acceso. Incorporar esta formación ao noso mestrado de maneira explícita a través de asignaturas ao mesmo nivel que as correspondentes a esas modalidades para persoas sen discapacidade será esencial para completar o perfil dos egresados da titulación nun momento en que cada vez máis empresas de todo tipo ven a accesibilidade como un investimento e non como un gasto e en que o sector público está obrigado a facilitar versións accesibles dos seus sitios web e das súas aplicacións móbiles. O compromiso da Universidade de Vigo coa redución das desigualdades contribuirá á formación de profesionais que cubran esas necesidades do mercado actual.

2.2 Incorporación de perfís profesionais no título vinculados aos sectores estratéxicos de Galicia

O Máster Universitario en Tradución Multimedia incorpora perfís profesionais vinculados directamente a un dos sectores estratéxicos de Galicia: a transformación dixital. A tradución multimedia é necesaria para que se produza a transformación dixital e a reactivación da economía a través da internacionalización dos nosos produtos. Os egresados do Máster Universitario en Tradución Multimedia da Universidade de Vigo fórmanse para cubrir as necesidades de tradución multimedia de todos os sectores, dende o entretemento ata a biotecnoloxía, pasando, por suposto, polo sector TIC e cunha énfase importante nun dos sectores clave de Galicia: o audiovisual. Por outra banda, as modificacións que incorporamos adecúan os perfís ás necesidades dunha sociedade que non pode deixar atrás as persoas con discapacidade. Por iso, os nosos perfís incorporan nesta modificación de maneira específica a audiodescrición e o subtítulado tanto para persoas oíntes como para persoas xordas.

2.3 Interese particular e apoio por parte dalgún grupo de empresas (clúster/hub) que apoie a proposta

Desde que se comezou a impartir o Máster Universitario en Tradución Multimedia na Universidade de Vigo, contou co apoio de numerosas empresas do sector, institucións, fundacións e profesionais autónomos, en especial do Clúster Audiovisual Galego (Área 5.1, Babalústudios, Cinemar Films, Cinema Iberolusa, CINFO, Servizo de Audiovisuais da Deputación de Lugo, Studio XXI, Xamalú Filmes...), pero tamén de empresas e institucións españolas (Tecnison, AITRAD, Gameloc, SDI Media, Squirrel Media, MQD, OnTranslation, Textinnova, Interpunct, Gamereactor, CEDID...) e do resto de Europa (por exemplo, a berlinese Cinescript ou a internacional Deluxe).

Ao longo dos trece cursos en que leva implantado, o Máster Universitario en Tradución Multimedia ten colaborado cos festivais de cine galegos, onde os nosos estudantado ten a ocasión de coñecer e poñerse en contacto con directores de cine e profesionais do sector audiovisual que poden supoñer unha porta de entrada ao mundo laboral. Así, entre os nosos colaboradores habituais de prácticas están o Festival de Cans, o Festival Internacional de Curtametraxes de Bueu ou o Festival de Cine Inclusivo de Vigo.

No Máster Universitario en Tradución Multimedia da Universidade de Vigo tamén queremos manter colaboracións con ONG para non esquecer a contribución da universidade á sociedade e así temos convenios de prácticas con Aspronaga (Asociación Pro Persoas con Discapacidade Intelectual de Galicia, Down Vigo, FAGAL...). De feito, nas modificacións que incorporamos á titulación, contemplamos a modalidade de Aprendizaxe-servizo nalgunhas asignaturas co fin de aproximarnos á sociedade e que comprendamos mellor cal é o noso papel no tecido social.

Nestes últimos anos os nosos colaboradores comentáronnos que cumpriría formación en accesibilidade audiovisual porque necesitaban profesionais formados neste eido e non existían, o que nos levou precisamente a querer incluír estes contidos no mestrado, partindo de que xa estabamos dando as bases (ex: o subtitulado para xordos faise necesariamente a partir de coñecementos de subtitulado para oíntes que xa se veñen impartindo neste título).

3 Demanda

3.1 Previsións de matrícula tendo en conta a análise da demanda real dos estudos propostos por parte de potenciais estudantes e da sociedade

O Máster Universitario en Tradución Multimedia ofrece, desde a súa implantación, 30 prazas anuais que se adoitan cubrir, con oscilacións entre distintos anos, pero cunha taxa de ocupación media do 96% entre os cursos 2011-12 e 2022-23 e con taxas de ocupación entre o 100% e o 111% no 46% dos cursos en que se impartiu. Estas cifras están moi por enriba do 80% marcado como meta de calidade para o Máster Universitario en Tradución Multimedia. O obxectivo do Máster Universitario en Tradución Multimedia é cubrir o 100% das prazas todos os cursos, algo que pensamos que é factible coa potenciación da docencia virtual síncrona e asíncrona, que servirán de reclamo para estudantado de procedencias diferentes de Galicia e España, xa que favorece a flexibilidade e exime o estudantado de desprazamentos.

Actualmente, a procedencia do estudantado matriculado no Máster Universitario en Tradución Multimedia é a seguinte:

Procedencia	Porcentaxe
Galicia	67%
Resto de España	26%
Internacional	7%

4 Non duplicidade

4.1 Mención de ensinanzas afíns preexistentes nesta universidade

O Máster Universitario en Tradución Multimedia ofértase na Universidade de Vigo dende o curso 2010-2011 de maneira ininterrompida e non duplica ningunha das ensinanzas impartidas nesta universidade. O Máster ofrece formación altamente especializada e busca, a través das modificacións solicitadas, actualizar e reestruturar contidos tras 13 cursos académicos co fin de atender á evolución das demandas sociais e das empresas do sector, axustando os contidos impartidos ao momento actual e mantendo os obxectivos da titulación e os resultados de aprendizaxe, que seguen sendo relevantes no contexto actual. A oferta de titulacións impartidas en modalidade virtual na Universidade de Vigo límitase a dúas titulacións: o Máster Universitario en Comercio Internacional, do Campus de Vigo, e o Máster en Dirección Pública e Liderado Institucional, do Campus de Pontevedra. O Máster Universitario en Tradución Multimedia ofértase desde os seus inicios en modalidade semipresencial, cunha carga de docencia presencial do 11% do total dos créditos impartidos e unha proporción de créditos non presenciais do 89%. Conforme ao RD 822/2021, a proporción de créditos non presenciais para que un título teña a consideración de virtual é de, polo menos, un 80% da carga crediticia total do título, condición que o Máster Universitario en Tradución Multimedia cumpre dende os seus inicios. Xa que logo, cómpre modificar a modalidade de impartición da semipresencial da memoria vixente á modalidade virtual ou non presencial para adecualala á normativa actual. Este cambio está apoiado polo desenvolvemento de tecnoloxías que posibilitan a impartición de docencia virtual síncrona e a gravación e posta a disposición dos materiais e das clases para o alumnado, que en moitos casos simultanea os seus estudos co desenvolvemento dun traballo. A mellora da infraestrutura tecnolóxica da Universidade de Vigo, coa introdución do Campus Remoto, facilita unha docencia virtual de calidade e con garantías. Por outra banda, a flexibilidade da modalidade de impartición do título é un dos aspectos máis valorados polo estudantado nas enquisas de satisfacción, polo que se prevé que a virtualidade siga sendo un factor positivo para o desenvolvemento do título.

4.2 Acreditación de non coincidencia de obxectivos e contidos con outras titulacións existentes (coincidencia máxima do 50% dos créditos)

O máster Universitario en Tradución Multimedia é o único no Sistema Universitario de Galicia que imparte formación específica na área da tradución multimedia, que é de aplicación directa aos sectores estratéxicos de Galicia e á súa internacionalización. Respecto das modificacións propostas, a reorganización de materias, que inclúe a incorporación da accesibilidade ao seus contidos e dunha materia obrigatoria de proxectos de tradución multimedia fai que sexa o único máster de Galicia que contempla estes contidos. Con estas modificacións, o estudantado pode acceder a unha formación altamente especializada e, ao seu egreso, poderá ofertar servizos de tradución accesible a persoas con discapacidade auditiva, visual e cognitiva (subtitulado para persoas xordas, lectura fácil, audiodescrición e producións accesibles).